

Bases da convocatoria selectiva para cubrir por sistema de concurso e mediante contrato temporal, dous postos de persoal técnico/a de apoio para a realización de proxecto específico de investigación

A Fundación Pública Gallega Centro Tecnológico de Supercomputación de Galicia, é unha Fundación de carácter público, dependente da Axencia Galega de Innovación da Consellería de Economía e Industria. En cumprimento da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en materia de persoal e contratación, acorda esta convocatoria de selección de persoal.

1) Obxecto da convocatoria

A Fundación Pública Gallega Centro Tecnológico de Supercomputación de Galicia (Fundación CESGA) precisa cubrir con carácter temporal os postos que figuran no Anexo B deste documento.

2) Réxime xurídico da contratación

Contrato laboral temporal para realización de proxecto específico de investigación, regulado polo disposto no Estatuto dos Traballadores aprobado polo Real Decreto Lexislativo de 2/2015, de 23 de outubro, pola Lei 12/2001, de 9 de xullo e pola Lei 14/2011 de 1 de xuño.

As contratacións quedan condicionadas á concesión da axuda á Fundación CESGA de "Persoal Técnico de Apoio" no "Subprograma Estatal de Incorporación" do "Programa Estatal de Promoción del Talento y su Empleabilidad" do "Plan Estatal de Investigación Científica y Técnica y de Innovación 2013-2016" convocada polo "Ministerio de Economía y Competitividad" (Resolución de 2 de decembro de 2015, publicado en BOE de 7 de decembro de 2015)

3) Duración

A contratación obxecto da presente convocatoria efectuarase con carácter temporal, limitada á duración dos traballos para os que se contrata a/os técnicos/as no proxecto e indicado no Anexo B.

4) Requisitos

Os/as candidatos/as, para poder participar neste proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

1. Poderán participar no proceso selectivo, as persoas que cumpran algunha das seguintes características:
 - Ter nacionalidade española.
 - Ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea.

- Ser nacional dalgún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais asinados pola Unión Europea e ratificado por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
 - Calquera que sexa a súa nacionalidade, tamén poderán participar os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.
 - Ter residencia legal en España, no caso de tratarse de estranxeiros non incluídos nos apartados anteriores.
2. Ter cumpridos os 16 anos de idade.
 3. Posuír e acreditar o TÍTULO que figura no Anexo B para estes postos.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que xustifique a súa homologación na data de remate do prazo de presentación de solicitudes. O requisito da homologación non será aplicable aos aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de Dereito Comunitario (Directiva 89/48/CEE, Directiva 2005/36/CE e RD 1837/2008).

4. Coñecemento da lingua galega (acreditado con copia simple do título de perfeccionamento en lingua galega ou CELGA 4 ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística). Os/as aspirantes que non estean en posesión da devandita titulación deberán realizar unha proba eliminatoria, cuxa valoración será de apto ou non apto.

Coñecemento de inglés. O nivel de coñecemento do inglés requirido é o que figura no Anexo B.

O nivel acreditarase mediante o certificado correspondente segundo os seguintes niveis:

Nivel Básico: 2º curso da EOI (A2).

Nivel Medio: 3º curso da EOI (B1).

Nivel Alto: 6º curso da EOI (B2).

ou outro tipo de acreditación/certificación equivalente atendendo á escala de CEFR (Common European Framework of Reference).

Os/as aspirantes que non estean en posesión da titulación requirida, deberán realizar unha proba eliminatoria e cuxa valoración será de apto ou non apto.

5. Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida desempeñar as funcións correspondentes á praza á que opte.
6. Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non

atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

No caso de persoal laboral, non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía.

7. Requisitos particulares: os indicados no Anexo B para os postos.

5) Documentación a presentar obrigatoriamente

- a) Solicitude asinada dirixida ao Director-Xerente da Fundación CESGA no modelo Anexo A.1, indicando a referencia do posto.
- b) Modelo asinado de datos persoais para cumprimento da LOPD no modelo Anexo A.2.
- c) Currículum vitae (CV), no que se fará constar a concorrencia dos requisitos esixidos e puntos valorados segundo as bases desta convocatoria.
- d) Fotocopia simple do título esixido para o posto no Anexo B.1, ou documento que acredite fidedignamente a posesión do correspondente título académico.
- e) Fotocopia simple do D.N.I. ou pasaporte. Os/as aspirantes que non teñan a nacionalidade española, acreditarán que concorren as circunstancias previstas na base 4.1.
- f) Fotocopia simple do expediente académico referido á titulación esixida no Anexo B.1.
- g) Fotocopia simple do título de perfeccionamento en lingua galega, do CELGA 4 ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística, ou certificado da Fundación CESGA ou S.A.X. CESGA no que se acredite a obtención da calificación de APTO/A na proba de galego en convocatorias anteriores (no caso de que a proba fora feita anteriormente na Fundación, non será necesario aportalo no momento da solicitude, sendo necesario unicamente a súa solicitude no Anexo A, indicando a referencia da praza). Se non se presenta esta documentación, deberá facer unha proba no momento que se indique no proceso de selección, cuxa valoración será apto/a ou non apto/a.
- h) Fotocopia simple da xustificación do coñecemento de inglés no nivel requirido ou certificado da Fundación CESGA ou S.A.X. CESGA no que se acredite a obtención da calificación de APTO/A na proba de inglés do mesmo ou superior nivel en convocatorias anteriores (no caso de que a proba fora feita anteriormente na Fundación, non será necesario aportalo no momento da solicitude, sendo necesario unicamente a súa solicitude no Anexo A, indicando a referencia da praza). Se non se presenta esta documentación, deberá facer unha proba no momento que se indique no proceso de selección.
- i) Fotocopia simple da xustificación de cada un dos méritos a valorar especificados no Anexo B.2. Só valoraranse os méritos que teñan unha xustificación documental axeitada.

j) Modelo para a valoración de méritos segundo as instrucións do anexo B (B.3)

O aspirante seleccionado/a deberá presentar nas dependencias da Fundación CESGA dende a data da resolución, no prazo de días naturais que fixa o Anexo B, a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do D.N.I. ou pasaporte. Os/as candidatos/as que non teñan a nacionalidade española, acreditarán documentalmente que concorren as circunstancias previstas na base 4.1.
- Fotocopia compulsada do título presentado para o posto que foi seleccionado/a ou documento que acredite fidedignamente a posesión do correspondente título académico.
- Orixinal das xustificacións dos méritos alegados para a súa comparación, se é o caso.
- Copia comparada do título de CELGA 4, do título de perfeccionamento da lingua galega ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística, ou certificado da Fundación CESGA ou S.A.X. CESGA no que se acredite a obtención da calificación de APTO/A, se é o caso.
- Copia comparada da titulación de inglés, ou outro tipo de acreditación/certificación equivalente atendendo á escala de CEF (CommonEuropeanFramework), ou certificado da Fundación CESGA ou S.A.X. CESGA no que se acredite a obtención da calificación de APTO/A, se é o caso.

6) Lugar e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes dirixidas ao director-xerente da Fundación deberán presentarse no modelo normalizado que figura no Anexo A.1 da presente convocatoria.

Presentaranse na Secretaría da Fundación ou remitiranse por correo certificado ás oficinas da Fundación CESGA sitas na Avenida de Vigo, s/n (Campus Sur), 15705 Santiago de Compostela ou por correo electrónico á dirección emprego@cesga.es ou a través da páxina web do cesga (www.cesga.es) na sección emprego para os postos de referencia indicado no Anexo B.1. No caso do envío por algún destes dous últimos medios, toda a documentación terá que vir anexada en formato PDF e só se considerarán válidas as recibidas no CESGA antes da data límite. No caso de envío por correo certificado deberá adiantarse por fax (981 594616) copia do modelo da solicitude cuberta e do certificado de correos.

O prazo de presentación de solicitudes será o que figura no Anexo B.1 para os postos, contando a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria, na páxina web do CESGA e no Servizo Público de Emprego de Galicia.

A dirección que figure nas instancias considerárase como a única válida para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva dos/as aspirantes tanto un erro na súa consignación como a comunicación á Fundación, de calquera cambio nela.

7) Proceso de selección

A selección, efectuarase por unha comisión designada ao efecto para os postos que figuran nos Anexos B.1.

O proceso de selección consistirá no seguinte:

1. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, publicaránse as listas provisionais de admitidos/as e excluídos/as ao proceso de selección, con indicación da causa de exclusión, establecéndose o prazo que figura no Anexo B.1 para, a petición do/a interesado/a, reparar calquera erro que sexa subsanable. Tras dito prazo publicaránse as listas definitivas de admitidos/as e excluídos/as, especificándose a data, hora e lugar para a realización das probas de galego e inglés para os/as candidatos/as que non teñan acreditados estes requisitos. A proba de coñecemento de galego consistirá na tradución dun texto de galego a castelán. A proba de inglés, dependendo do nivel solicitado no Anexo B.1, consistirá:
Nivel básico: na tradución dun texto técnico de castelán ou galego a inglés.
Nivel medio: redacción dun texto en inglés.
Nivel alto: realización dunha entrevista en inglés dun máximo de 10 minutos e a redacción dun informe en dita lingua.
A duración de cada proba será dun máximo de trinta (30) minutos. Todas as publicacións faranse na páxina web da Fundación www.cesga.es.
2. Os/as candidatos/as admitidos/as valoraranse segundo os méritos establecidos no Anexo B.2, ata a puntuación máxima que figura en dito anexo.
3. Finalizada a valoración dos méritos, a Comisión publicará na páxina web da Fundación www.cesga.es, un acordo coa listaxe provisional da puntuación de todos/as os/as aspirantes e, se é o caso, a calificación das probas de inglés e galego, establecéndose un prazo de días naturais, que figura no Anexo B.1, para alegacións e reclamacións por parte dos/as candidatos/as.
4. Finalizada a fase de alegacións, a comisión publicará a listaxe definitiva e na mesma convocará á entrevista aos/as primeiros/as candidatos/as que conseguiran a mellor puntuación na Valoración de Méritos e que cumpran con todos os requisitos para o posto, ata o número especificado no Anexo B.1 para o posto.
5. A entrevista que non superará os quince (15) minutos, terá unha valoración máxima que figura no Anexo B.1 para o posto e versará sobre:
 - 1) Perfil dos/as candidatos/as
 - 2) Complementos do currículum vitae
 - 3) Idoneidade dos/as candidatos/as para o posto
 - 4) Disponibilidade de incorporación
 - 5) Contraste de coñecementos
 - 6) Expresión oral.
 - 7) Cuestións propias das funcións do posto a desempeñar.
6. Finalizadas as entrevistas, a Comisión publicará na páxina web da Fundación www.cesga.es, un acordo coa listaxe provisional da puntuación final dos/as aspirantes convocados/as a entrevista, establecéndose o prazo de días naturais que figura no Anexo B.1, para

alegacións e reclamacións por parte dos/as candidatos/as.

7. Finalizada a fase de alegacións, a comisión publicará, na páxina WEB da Fundación www.cesga.es, a resolución.

Debido á infrarrepresentación do sexo feminino na Fundación CESGA nesta categoría profesional, no caso de empate entre dous ou máis candidatos/as, será admitida a muller de conformidade ao disposto no artigo 37.1 da lei 7/2004 de Galicia e, de persistir o empate, resolveráse atendendo aos méritos enumerados no anexo B.2 pola orde establecida no mesmo, e en último lugar pola orde alfabética do primeiro apelido e de ser igual polo segundo, a partir da letra establecida na Resolución da Consellería de Facenda do 29 de xaneiro de 2015 (DOG número 28, de 11 de febreiro) pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. En último lugar, o empate dirimirase por sorteo entre os implicados.

8) Comisión de Selección

1. A comisión de selección estará formada, polos membros que figuran no Anexo B.1 para o posto.

O Presidente da Fundación, en caso de necesidade, poderá nomear suplentes. A Comisión poderá nomear asesores expertos, os cales limitaranse ao exercicio das súas respectivas especialidades e colaborarán coa comisión con base exclusivamente nas mesmas. Os membros da Comisión de Selección estarán en posesión de titulación igual ou superior á do posto obxecto da convocatoria.

En todo caso, a Fundación garantirá, na medida do posible, a paridade entre mulleres e homes na designación da comisión de acordo co establecido pola disposición adicional primeira da Lei 2/2007 do 28 de marzo do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

2. Os membros da comisión absteranse de intervir, notificándollo ao presidente, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou que realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O presidente solicitará aos membros da comisión de selección declaración expresa de non atoparse incursos nas causas sinaladas de abstención.

Os/as aspirantes poderán recusar aos membros da comisión de selección cando concorran as circunstancias previstas na presente base.

3. Para actuar válidamente a comisión, requirirase a presenza in situ ou por videoconferencia ou audioconferencia de al menos a metade dos seus membros.

Para a toma de decisións da comisión, e demais cuestións da comisión, estaráse ao disposto nas Instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos órganos de selección do 11 de abril de 2007, modificadas polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010.

4. Para efectos de comunicación e demais incidentes, a comisión terá como sede as oficinas da Fundación CESGA sitas na Avenida de Vigo, s/n (Campus Universitario Sur) - 15705 Santiago de Compostela.

9) Resolución

Finalizado todo o proceso anterior, a comisión de selección publicará a través da páxina web da Fundación (www.cesga.es), a resolución co nome da persoa seleccionada para os postos. Así mesmo, e co fin de determinar posibles substitucións para este proceso selectivo, a comisión elaborará unha lista de espera entre as persoas finalistas para a entrevista e que non resultasen beneficiarias do posto. A vixencia da lista de substitucións coincidirá coa duración do contrato obxecto do proceso selectivo. Farase constar o prazo de incorporación, así como a documentación complementaria que deberán achegar as persoas seleccionadas para formalizar os contratos.

A Fundación CESGA presentará unha solicitude de axuda, para a contratación dos/a candidatos/as seleccionados/as segundo se especifica nos artigos 59 e 60 da Resolución de 2 de decembro (BOE número 292 de 7 de decembro de 2015) no "Subprograma Estatal de Incorporación del Programa Estatal de Promoción del Talento y su Empleabilidad" convocada polo Ministerio de Economía y Competitividad no marco do "Plan Estatal de Investigación Científica y Técnica y de Innovación 2013-2016".

Únicamente no caso de que o MINECO conceda á Fundación CESGA a subvención, e tras obter o preceptivo informe favorable conxunto das direccións xerais de Planificación e Orzamentos e Función Pública da Xunta de Galicia, formalizaráanse os contratos actuando como órgano de contratación da Fundación o seu Director-Xerente, acto para o que está facultado en virtude da escritura de poder outorgada con data 28 de abril de 2011 ante o notario do Ilustre Colexio de Galicia D. Manuel Remuñan López e co número de protocolo 607.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2015



Javier García Tobío
Director-Xerente
Fundación CESGA

ANEXO A

A.1. MODELO DE SOLICITUDE

1.- SOLICITANTE		
Apelidos:	Nome:	
DNI:		
Dirección particular (rúa, etc.):	Nº	
Localidade:	Provincia:	CP:
Tfno.:	e-mail:	

2.- DATOS ANUNCIO
Referencia anuncio:
Data publicación anuncio:

3.- DOCUMENTACIÓN
Modelo Anexo A.2 datos persoais de candidatos/as a emprego: <input type="checkbox"/>
CurrículumVitae: <input type="checkbox"/> Copia DNI: <input type="checkbox"/>
Copia da Titulación: <input type="checkbox"/> Copia Expediente académico: <input type="checkbox"/>
Copia Certificado Perfeccionamento da Lingua Galega ou CELGA 4: <input type="checkbox"/>
Solicita recoñecemento da aptitude en Lingua Galega de convocatorias anteriores da Fundación CESGA: <input type="checkbox"/> Ref. posto:
Xustificación do coñecemento de inglés: <input type="checkbox"/>
Solicita recoñecemento da aptitude en Lingua Inglesa de convocatorias anteriores da Fundación CESGA: <input type="checkbox"/> Ref. Posto:
Modelo Anexo B.3 de valoración de méritos e copia dos xustificantes dos méritos alegados: <input type="checkbox"/>
Outra documentación:

DECLARACIÓN XURADA:

A persoa abaixo asinante declara baixo xuramento non padecer enfermidade ou defecto físico que lle impida desempeñar as funcións correspondentes ao posto de traballo da praza á que opta, e non estar separado/a do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario, nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

Solicita a participación no proceso de selección convocado pola Fundación CESGA e referenciado no punto 2 desta solicitude.

Santiago de Compostela, de de 2015

Asdo.:

**DIRECTOR XERENTE
FUNDACIÓN CESGA
Avda. de Vigo, s/n (Campus Vida)
15705 Santiago de Compostela (A Coruña)**

A.2. MODELO PARA RECABAR DATOS PERSOAIS DE CANDIDATOS/AS A EMPREGO

Nome e apelidos:
D.N.I.:
Referencia posto:

En cumprimento coa Lei Orgánica 15/1999 sobre Protección de Datos de Carácter Persoal (en adiante LOPD), a Fundación CESGA informalle que o currículo vitae e os documentos con datos de carácter persoal que vostede nos facilite incorporaránse ao arquivo denominado "Candidatos a emprego", que foi debidamente rexistrado por esta entidade ante a *Agencia Española de Protección de Datos*.

A Fundación CESGA garante o pleno cumprimento da normativa de Protección de Datos de Carácter Personal e a adopción das medidas de seguridade previstas no Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, e así, de acordo coa LOPD, vostede queda informado e presta o seu consentimento á incorporación dos seus datos ao citado arquivo automatizado, e ao tratamento informático dos mesmos para a finalidade prevista na súa relación con esta entidade: xestión de currículo vitae e avaliación de candidatos/as para este proceso de selección.

Así mesmo, ao cumprimentar este formulario vostede acepta que os datos persoais incluídos no seu currículo vitae e resultados das probas de selección poidan ser comunicados a empresas ou entidades externas ás que se puidera subcontratar ou que vaian a intervir en parte ou na totalidade das actividades dos procesos de selección: entrevistas a candidatos, realización de test, valoración dos perfiles académicos e profesionais, etc. Neses casos a Fundación CESGA formalizará esta relación con ditas empresas ou entidades externas mediante o correspondente contrato de tratamento de datos de carácter persoal, tal e como se prevé no artigo 12 da LOPD.

Ao asinar este formulario o/a candidato/a comprométese a aceptar íntegramente as bases do proceso de selección, e en particular autoriza expresamente á Fundación CESGA para que poidan ser incluídos os seus datos persoais nas listas públicas de admitidos/as, así como os resultados obtidos por cada candidato/a nas distintas probas do proceso de selección. Ditos datos persoais e os resultados das probas tamén serán publicados na propia páxina Web da Fundación CESGA, para velar pola total transparencia e o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade dos candidatos en cada proceso de selección.

A Fundación CESGA comprométese a utilizar os seus datos exclusivamente para a finalidade prevista, e a non ceder os seus datos a terceiros sen contar coa súa autorización expresa.

En calquera momento vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación e cancelación, dirixindo a súa petición por escrito á Fundación CESGA.

Asinado

Santiago de Compostela, ____ de _____ de ____

ANEXO B

B.1. REFERENCIA DO POSTO: PTA-ICTS-IBI-15-TSP1

REFERENCIA	PTA-ICTS-IBI-15-TSP1
Nº RELACIÓN DE POSTO	6091078
CATEGORÍA, DENOMINACIÓN	TÉCNICO SUPERIOR DE PROXECTO
PROXECTO	"PTA-ICTS-IBI-MFC: Axudas para "Personal Técnico de Apoyo", "Subprograma Estatal de Incorporación", cofinanciado por Proxecto IBI-MFC
DURACIÓN APROXIMADA DO CONTRATO	36 meses
DESCRIPCIÓN	Desenvolvemento de actividades de apoio á infraestrutura computacional de investigación Finis Terrae II para mellorar as súas prestacións e rendemento no seu contexto como ICTS e no proxecto IBI-MFC
FUNCIÓNS DO POSTO	<ul style="list-style-type: none"> • Compilación, instalación e validación de aplicacións de cálculo científico. • Participación en tarefas de administración de infraestruturas de Supercomputación. • Soporte a usuarios dos sistemas e ferramentas de cálculo. • Participación no despregue de novas tecnoloxías de supercomputación. • Participación en proxectos de I+D+i relacionados co cálculo científico e a supercomputación.
TITULACIÓN REQUERIDA	<p>Licenciado/a, graduado/a ou Enxeñeiro/a en alguna das seguintes áreas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Informática • Física • Química • Matemáticas • Telecomunicacións • Industrial • Caminos

NIVEL DE INGLÉS		BÁSICO
REQUISITOS PARTICULARES		Os esixidos no artigo 58 da Resolución do MINECO de 2 de decembro de 2015 (BOE número 292 de 7 de decembro de 2015)
CONTIDOS PARTICULARES DA ENTREVISTA		NON SE ESIXEN
PAZOS	PRESENTACIÓN SOLICITUDES	10 (dez) días naturais
	PRESENTACIÓN DE RECLAMACIÓN A LISTAXE DE ADMITIDOS	3 (tres) días naturais
	PRESENTACIÓN RECLAMACIÓN A BAREMACIÓN DE MÉRITOS	3 (tres) días naturais
	PRESENTACIÓN RECLAMACIÓN A LISTAXE DE PUNTUACIÓN FINAIS	3 (tres) días naturais
	APORTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN FINAL POLO/A CANDIDATO/A SELECCIONADO/A	3 (tres) días naturais
NÚMERO DE CANDIDATOS/AS SELECCIONADOS/AS PARA A ENTREVISTA		5 candidatos
PUNTUACION MÁXIMA DOS MÉRITOS		48 puntos
PUNTUACION MÁXIMA DA ENTREVISTA		4,8 puntos

<p>COMISIÓN DE SELECCIÓN</p>	<ul style="list-style-type: none">- <u>Presidencia</u>: Subdirector Técnico da Fundación CESGA.- <u>Secretario</u>: Técnico Superior de Aplicacións da Fundación CESGA. - <u>Vogais</u>:- Técnica Superior de Comunicacións da Fundación CESGA.- Administradora de área e-learning da Fundación CESGA.- Administrador área de sistemas da Fundación CESGA.
-------------------------------------	---

B.2 Baremo Valoración de Méritos do Posto: PTA-ICTS-IBI-15-TSP1

CRITERIO	FORMA VALORACIÓN	DOCUMENTACION JUSTIFICATIVA	PUNTUACION MÁXIMA
C1: Expediente académico na titulación esixida	Segundo a nota media reflexada no expediente	Fotocopia simple do expediente académico no que figure a nota media. Non se terán en conta expedientes onde non figure dita nota.	10
C2: Máster oficial en áreas relacionadas coa Computación de Altas Prestacións, Bigdata, Enxeñería Informática, Enxeñería Industrial, Bioinformática ou Matemática Aplicada.	5 puntos por máster terminado. 10 puntos por master en Computación de Altas prestacions	Fotocopia simple do expediente académico ou fotocopia simple do título ou resguardo da petición do mesmo.	10
C3: Proxecto fin de carreira ou proxecto fin de master en áreas relacionadas coa Computación de Altas Prestacións, Bigdata, Enxeñería Informática, Enxeñería Industrial, Bioinformática ou Matemática Aplicada.	4 puntos por cualificación sobresaliente 2 puntos por cualificación nobable	Copia da certificación académica onde conste o título do proxecto e a cualificación obtida. Copia do proxecto en formato electrónico.	4
C4: DOUTORAMENTO en áreas relacionadas coa Computación de Altas Prestacións, Bigdata, Enxeñería Informática, Enxeñería Industrial, Bioinformática ou Matemática Aplicada.	5 puntos se a nota é apto 10 puntos se apto cum laude	Fotocopia simple do expediente académico onde figure a nota alcanzada ou fotocopia do título. No caso de presentarse solo o título, se considerará que a nota é de apto.	10
C5: Experiencia en administración de Sistemas informáticos en contornos de I+D	0.1 puntos por mes	(1)	4
C6: Experiencia práctica en programación ou soporte de aplicacións de cálculo científico en	0.1 puntos por mes	(1)	4

contornos de I+D			
C7: Participación en proxectos de I+D	Internacional: 2 puntos Nacional ou rexional : 1 p	(2)	4
C8: INGLÉS	1 Punto por certificación B1. 1,5 puntos por certificación B2 2 puntos por C1 (Valorarase solo o nivel máis alto)	Certificados de aptitude. No caso de presentarse outras titulacións en inglés, tomarase a táboa de equivalencia utilizada na Universidade de Santiago de Compostela	2
		Puntuación máxima	48

(1) A Experiencia certificaráse coa copia do contrato de traballo, vida laboral e un certificado do responsable legal da empresa ou institución onde se faga constar o traballo realizado. Valoraránse solo aqueles méritos que estean xustificadas coa achega dos tres documentos.

(2) A participación en proxectos de I+D+i ten que xustificarse cun certificado de participación asinado polo representante legal da entidade onde participou con indicación das datas de inicio e fin da participación, ou coa copia do contrato laboral onde figure expresamente o nome ou código do proxecto e mais un certificado de vida laboral.

B.3. Modelo para a valoración de méritos: PTA-ICTS-IBI-15-TSP1

Cada candidato deberá cubrir o seguinte modelo cos méritos aportados, indicando con claridade a referencia á documentación xustificativa aportada. **Para elo numeraranse as páxinas da documentación xustificativa e indicarse en cada apartado o/s número/s de páxina/s que corresponde/n a cada xustificación.** De non cubrirse axeitadamente esta información os méritos poderían non ser avaliados pola comisión.

CRITERIO	MÉRITOS ALEGADOS	PUNTUA CIÓN	DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA
C1: Expediente académico na titulación esixida			
C2: Máster oficial en áreas relacionadas coa Computación de Altas Prestacións, Bigdata, Enxeñería Informática, Enxeñería Industrial, Bioinformática ou Matemática Aplicada.			
C3: Proxecto fin de carreira ou proxecto fin de master en áreas relacionadas coa Computación de Altas Prestacións, Bigdata, Enxeñería Informática, Enxeñería Industrial, Bioinformática ou Matemática Aplicada.			
C4: DOUTORAMENTO en áreas relacionadas coa Computación de Altas Prestacións, Bigdata, Enxeñería Informática, Enxeñería Industrial, Bioinformática ou Matemática Aplicada.			
C5: Experiencia en administración de			

CRITERIO	MÉRITOS ALEGADOS	PUNTA CIÓN	DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA
Sistemas informáticos en contornos de I+D			
C6: Experiencia práctica en programación ou soporte de aplicaciones de cálculo científico en contornos de I+D			
C7: Participación en proxectos de I+D			
C8: INGLÉS			
		PUNTOS TOTALES	

B.1. REFERENCIA DO POSTO: PTA-ICTS-IBI-15-TP1

REFERENCIA	PTA-ICTS-IBI-15-TP1
Nº RELACIÓN DE POSTO	6091079
CATEGORÍA, DENOMINACIÓN	TÉCNICO DE PROXECTO
PROXECTO	"PTA-ICTS-IBI-MFC: Axudas para "Personal Técnico de Apoio", "Subprograma Estatal de Incorporación", cofinanciado por Proxecto IBI-MFC
DURACIÓN APROXIMADA DO CONTRATO	36 meses
DESCRIPCIÓN	Desenvolvemento de actividades de apoio á infraestrutura computacional de investigación Finis Terrae II para mellorar as súas prestacións e rendemento no seu contexto como ICTS e no proxecto IBI-MFC
FUNCIÓNS DO POSTO	<ul style="list-style-type: none"> • Soporte e mantemento de equipos de Supercomputación, Cloud, Bigdata e Visualización. • Soporte e mantemento de aplicacións de xestión e monitorización e contabilidade de uso dos sistemas. • Participación en tarefas de Administración e despregue de novas tecnoloxías de Supercomputación, Cloud, Bigdata e Visualización. • Participación no despregue de novas tecnoloxías de supercomputación. • Participación en proxectos de I+D+i relacionados co cálculo científico e a supercomputación.

TITULACIÓN REQUERIDA		<p>Alguna das seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Ciclo Formativo de Grao Superior en Informática de sistemas ou aplicacións • Ciclo Formativo de Grao Superior en Desenvolvemento de Aplicacións Web • Ciclo Formativo de Grao Superior en Desenvolvemento de Aplicacións multiplataforma.
NIVEL DE INGLÉS		BÁSICO
REQUISITOS PARTICULARES		Os esixidos no artigo 58 da Resolución do MINECO de 2 de decembro de 2015 (BOE número 292 de 7 de decembro de 2015)
CONTIDOS PARTICULARES DA ENTREVISTA		NON SE ESIXEN
PRAZOS	PRESENTACIÓN SOLICITUDES	10 (dez) días naturais
	PRESENTACIÓN DE RECLAMACIÓN A LISTAXE DE ADMITIDOS	3 (tres) días naturais
	PRESENTACIÓN RECLAMACIÓN A BAREMACIÓN DE MÉRITOS	3 (tres) días naturais
	PRESENTACIÓN RECLAMACIÓN A LISTAXE DE PUNTUACIÓN FINAIS	3 (tres) días naturais
	APORTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN FINAL POLO/A CANDIDATO/A SELECCIONADO/A	3 (tres) días naturais
NÚMERO DE CANDIDATOS/AS SELECCIONADOS/AS PARA A ENTREVISTA		5 candidatos

PUNTUACION MÁXIMA DOS MÉRITOS	31 puntos
PUNTUACION MÁXIMA DA ENTREVISTA	3,10 puntos
COMISIÓN DE SELECCIÓN	<ul style="list-style-type: none">- <u>Presidencia</u>: Subdirector Técnico da Fundación CESGA.- <u>Secretario</u>: Técnico Superior de Aplicacións da Fundación CESGA. - <u>Vogais</u>:- Técnica Superior de Comunicacións da Fundación CESGA.- Administradora de área e-learning da Fundación CESGA.- Administrador área de sistemas da Fundación CESGA.

B.2 Baremo Valoración de Méritos do Posto: PTA-ICTS-IBI-15-TP1

CRITERIO	FORMA VALORACIÓN	DOCUMENTACION JUSTIFICATIVA	PUNTUACION MÁXIMA
C1: Expediente académico na titulación esixida	Segundo a nota media reflexada no expediente	Fotocopia simple do expediente académico no que figure a nota media. Non se terán en conta expedientes onde non figure dita nota.	10
C2: Outros Estudos en Informática	3 puntos por titulacións superiores en informática ou tecnoloxías da Información: Grao ou licenciatura en Informática ou Grao ou Enxeñaría en Telecomunicacións 2 puntos por outros estudos medios relacionados con informática ou tecnoloxías da Información: Enxeñeiro Técnico ou Diplomatura en Informática ou en Telecomunicacións	Fotocopia simple do título ou documento que acredite fidedignamente a posesión do correspondente título académico.	3
C3: Experiencia en administración sistemas en contornos UNIX/LINUX:	0,1 puntos por mes de experiencia práctica	(1).	8
C4: Experiencia en desenvolvemento en contornos LAMP (Linux/Apache/MySQL/PHP)	0,3 puntos por mes de formación práctica	(1)	4
C5: Formación en tecnoloxías de información e comunicacións	0,1 puntos por cada 20 horas, cun máximo de 0,5 puntos por curso.	Certificado de asistencia e temario do curso	4
C6: INGLÉS	1 Punto por certificación B1. 1,5 puntos por certificación B2 2 puntos por C1 (Valorarase solo o nivel máis alto)	Certificados de aptitude. No caso de presentarse outras titulacións en inglés, tomarase a táboa de equivalencia utilizada na Universidade de Santiago de	2

		Compostela	
		Puntuación máxima	31

(1) A Experiencia certificaráse coa copia do contrato de traballo, vida laboral e un certificado do responsable legal da empresa ou institución onde se faga constar o traballo realizado. Valoraránse solo aqueles méritos que estean xustificadas coa achega dos tres documentos.

B.2 Baremo Valoración de Méritos do Posto: PTA-ICTS-IBI-15-TP1

CRITERIO	MÉRITOS ALEGADOS	PUNTA CIÓN	DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA
C1: Expediente académico na titulación esixida			
C2: Outros Estudos en Informática			
C3: Experiencia en administración sistemas en contornos UNIX/LINUX:			
C4: Experiencia en desenvolvemento en contornos LAMP (Linux/Apache/MySQL/PHP)			
C5: Formación en tecnoloxías da información e as comunicacións			
C6: INGLÉS			
		PUNTOS TOTALES	

(1) A Experiencia certificaráse coa copia do contrato de traballo, vida laboral e un certificado do responsable legal da empresa ou institución onde se faga constar o traballo realizado. Valoraránse solo aqueles méritos que estean xustificadas coa achega dos tres documentos.